



OS BENEFICIOS DA PODA EN VERDE

dra. M^a Carmen Martínez Rodríguez/Misión Biolóxica de Galicia (CSIC)

Denomínase poda en verde ao conxunto de operacións de poda que se efectúan sobre distintas partes da cepa durante o período vexetativo. Estas operacións son apropiadas para zonas vitícolas de climas húmidos, como é o caso de Galicia, onde a vexetación é continúa durante o verán e onde o desenvolvemento dos pámpanos e das follas é considerable.

Existen diferentes tipos de poda en verde e son os seguintes: Pinzamento, Despampanado, Despunte, Desfollado e Aclareo de acio.

1) Pinzamento

O pinzamento é unha operación que consiste en suprimir unha pequena parte do ápice dun pámpano fructífero, pouco antes da floración, ou inmediatamente despois. O obxectivo desta práctica é acelerar a floración, diminuír as posibilidades de corremento e, a veces,

a floración (1 ou 2 veces) sobre os pámpanos herbáceos, sinxelos de desprender. Non é aconsellable realizala demasiado cedo, porque entón será preciso volver a pasar para eliminar os pámpanos que brotan máis tarde, e tampouco agardar demasiado, porque nese caso os pámpanos son moito máis grandes e difíciles de desprender.

3) Despunte

É unha operación pola cal se suprime a parte superior dos sarmientos. Neste caso a parte de pámpano eliminado é moito máis grande que no caso do pinzamento. Esta labor lévase a cabo durante o verán, para favorecer o desenvolvemento dos grans de uva, sobre os cales se aportan os nutrientes que serviran para alimentar a prolongación do pámpano. O primeiro des-



correntes de aire que ademais diminúen a humidade pola evaporación que provocan, mellora a coloración e maduración das uvas, e favorece a chegada dos tratamentos contra a podredume aplicados aos acios. Sen embargo, os efectos beneficiosos do desfollado só se conseguen actuando sobre as follas vellas (próximas aos acios), cuxa actividade fotosintética é reducida en épocas próximas á vendima. De facerse demasiado cedo ou dunha forma moi severa, eliminando follas en plena actividade fotosintética, diminúe a calidade e o rendemento.

5) Aclareo do acio

Esta operación lévase a cabo sobre todo na uva de mesa e para reducir a produción das uvas de vinificación cando é excesiva. No caso da uva de mesa elimínanse aquelas uvas que son deformes, ou se quitan unhas cantas de cada acio cando estes son excesivamente compactos. Tamén no caso da uva de mesa, córtanse porcións do acio cando estes son excesivamente

longos. No caso da uva de vinificación, esta práctica consiste en eliminar un certo número de acios cando son demasiado numerosos na cepa. O obxectivo aquí é regularizar e aumentar o volume dos grans de uva, que, sendo menos numerosos, están mellor nutridos individualmente, e adiantar a súa maduración, que nalgúns casos pode ser ata de 15 días

Para rematar, é necesario aclarar que a práctica da poda en verde é un aspecto moi delicado da viticultura, posto que interveñen un gran número de factores, moi difíciles de controlar, e que contribúen a crear un equilibrio biolóxico cuxo estado evoluciona baixo influencias diversas. Non todas as variedades van responder a estas prácticas da mesma maneira, e incluso unha mesma variedade pode comportarse de forma distinta, en función das características do clima e o terreo no que medra. Por iso sería aconsellable a realización de estudos previos, que determinen a mellor maneira de levar a cabo este tipo de poda coas nosas variedades concretas, e baixo as diferentes condicións das áreas vitícolas de Galicia.



favorecer na cepa o desenvolvemento de outros pámpanos que sufriron un atraso e que non serán sometidos a esta práctica. Estes efectos son o resultado da concentración, nas flores e nas froitas, o nos pámpanos que non foron sometidos a pinzamento, dos nutrientes que chegan a través do tallo do pámpano. O pinzamento provoca xeralmente a brotación das xemas situadas na axila das follas, e estes pámpanos laterais (netos) deberán ser a súa vez pinzados.

2) Despampanado

O despampanado consiste na supresión dos pámpanos inútiles para a produción de froita (netos, chupóns). Ten por obxecto concentrar os nutrientes sobre os pámpanos útis que se conservan, diminuír o risco de contaminacións primarias de mildiu, limitar o risco de fitotoxicidade dos herbicidas sistémicos, e preparar a poda de inverno. Realízase entre o desborre e

punte é o máis importante e debe facerse no momento adecuado, que soe ser en plena floración ou ao finalizar esta. Os despuntes teñen efectos favorables sobre o callado e a fisioloxía da vide cando non son demasiado severos. Se o son poden chegar a reducir o vigor, o rendemento e a calidade.

4) Desfollado

O desfollado practícase en algúns viñedos co fin de asegurar a finalización da maduración dos froitos. Retíranse progresivamente as follas e, coa intención de evitar o golpe de sol, que podería resultar da insolación directa nas uvas, desguarnécese a cepa por debaixo, nas zonas do pámpano próximas aos acios. Esta práctica aumenta o soleamento e aireación dos acios, facilita a circulación de

